



BANDO

AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña

FAGO SABER: Que a Consellería de Traballo e Benestar publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) número 60, do 25 de marzo de 2011, a Orde do 17 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011

OBXECTO

Promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que, pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional como traballadores/as autónomos/as ou por conta propia, así como apoiar a consolidación dos seus proxectos empresariais fomentando a creación de emprego mediante a contratación indefinida da súa primeira persoa traballadora desempregada.

BENEFICIARIOS

Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego, que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadores/as autónomos/as ou por conta propia, e que desenvolvan a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia, sempre que:

- Sexan titulares ou cotitulares do negocio ou explotación
- Se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional (as altas que se formalizaran dende o 01.07.2010 ou que se formalicen ata o 30.09.2011)

AXUDAS

- Subvención polo establecemento como traballador/a autónomo/a ou por conta propia
- Subvención financeira
- Subvención para asistencia técnica
- Subvención para a formación
- Axuda excepcional

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes dirixiranse ao Xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña coa documentación que se especifica da dita Orde.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de setembro de 2011.

INFORMACIÓN

Para máis información chamen ao concello ao teléfono 981 687 001 en horario de 08.00 a 15.00 horas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Mesía, 28 de marzo de 2011

Asdo.